

XII CERTAME RENOVABLE

O Parque Eólico Experimental Sotavento convoca o seu **XII Premio Anual de Fotografía**.

PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas as persoas que o desexen, sen límite de idade.

TEMA

O tema é o Parque Eólico Experimental Sotavento.

VALORACIÓN

Valorarase a creatividade, o enfoque do tema proposto, a calidade fotográfica en función da idade, etc.

PRESENTACIÓN, FORMATOS E PRAZO DE ENTREGA DAS FOTOGRAFÍAS

Permitiranse un máximo de 3 fotografías por autor/a.

A presentación das fotografías, por correo electrónico, farase no seguinte enderezo:

info-divulgacion@sotaventogalicia.com

O formato da fotografía debe ser o seguinte:

- Non inferior a 300ppp
- Máximo 4 MB
- Formato JPG o PNG en vertical

O prazo de entrega remata o **30 de xuño de 2024**, ás 14:00 horas. As fotografías recibidas fóra de prazo non entrarán no concurso.

As fotografías presentadas deben incluír nome, idade, teléfono, domicilio, título/s da/s fotografía/s; así como, outros datos que o autor considere de interese.

PREMIOS

O premio terá unha dotación de:

- Primeiro clasificado: **400 euros**

Nota: Descontarase do premio a retención correspondente.

O veredicto do Xurado popular farase público a mediados do mes de xullo de 2024 nas seguintes canles:

- web: www.sotaventogalicia.com
- Facebook: Sotavento Galicia
- Twitter: FSotavento
- Instagram: FSotavento

NOTA: en caso de que o autor/a da fotografía premiada sexa menor de idade, a contía do premio, será entregada a un responsable / titor do menor. A recepción do premio efectuarase nas instalacións de Sotavento.

AUTORÍA, ORIXINALIDADE E DIVULGACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

Aceptación íntegra e incondicional das seguintes bases:

- Consentimento do fotógrafo/a á divulgación da fotografía.
- A garantía por parte do/a participante, do carácter inédito e orixinal das fotografías presentadas e da titularidade en exclusiva e sen carga nin limitación, de todos os dereitos de explotación sobre a mesma e, polo tanto, que estea libre de dereitos que poidan deter terceiros. Non se admitirán fotografías que fosen presentadas con anterioridade noutros certames, nin que estean pendentes de resolución.
- Sotavento Galicia S.A. resérvase os dereitos de edición sobre as fotografías coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros.

EXPOSICIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

Os traballos serán expostos nas instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento, podendo ser publicados en calquera momento.

DEREITOS DE AUTOR

Os dereitos sobre as fotografías presentadas serán cedidos a Sotavento Galicia S.A.

A participación neste concurso implica a íntegra aceptación das presentes bases.

Sotavento resérvase o dereito a declarar o premio deserto.